

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025
Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a)

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio sobre o contido da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

EXAME EN GALEGO

1. Sinala o opción correcta en relación á prevención do cancro de colo de útero:

- A) O uso continuado do preservativo evita a transmisión da infección por HPV.
- B) O risco de infección por HPV en mulleres está directamente relacionado co número de parellas sexuais.
- C) A transmisión do HPV produce síntomas de disconfort vaxinal e cambios do fluxo.
- D) Unha parella sexual a longo prazo supón un factor de risco maior para contraer unha infección por HPV que unha nova parella sexual.

2. Sinala cal é a postura para aleitar recomendada cando existen dificultades no agarre, xa que estimula no neno acabado de nacer a posta en marcha dos seus reflexos instintivos:

- A) Posición de crianza biolóxica.
- B) Posición de rugby.
- C) Posición de dancer.
- D) Posición de cabaliño.

3. En relación cos obxectivos específicos recollidos na "Guía do acompañamento da muller e do contacto pel con pel na cesárea" do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), sinala a afirmación INCORRECTA:

- A) Respeitar o dereito da muller a estar acompañada pola persona que ela decida durante o proceso asistencial ao parto, incluíndo a cesárea.
- B) Garantir o dereito do recentemente nado a realizar o contacto pel con pel precoz e ininterrumpido coa súa nai tras o nacemento, tanto en quirófano como durante a recuperación posterior.
- C) Supeditar de xeito sistemático a realización do contacto pel con pel a criterios organizativos.
- D) Mellorar a satisfacción das mulleres en relación co nacemento por cesárea.

4. De que órgano depende xerarquicamente a Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde?

- A) Da Dirección de Procesos Asistenciais.
- B) Directamente da Presidencia da Xunta de Galicia.
- C) Da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- D) Do Consello Consultivo de Galicia.

5. Cal é a recomendación para o uso de agonistas do receptor de GLP-1 (utilizados para perda de peso ou diabetes) en mulleres que planean un embarazo?

- A) Non é necesario suspendelos, xa que os estudos suxiren que son completamente seguros.
- B) Suspendelos únicamente el día que se confirme la ovulación.
- C) Suspendelos dous meses antes da concepción.
- D) Mantelos durante todo o primeiro trimestre para evitar o rebote de peso.

6. Segundo a "Asociación Española para el Estudio de la Menopausia" (AEEM), entre os posibles achados vulvares na Síndrome Xenitourinaria da Menopausia, non se encontra:

- A) Aumento da graxa subcutánea nos labios maiores.
- B) Fusión de labios menores.
- C) Meato uretral prominente (carúncula uretral).
- D) Estenose do introito.

7. A placenta circumvallata defínese como aquela na que:

- A) A placa coriónica e a basal son de igual tamaño.
- B) A placa coriónica é maior que a placa basal.
- C) A placa coriónica é menor que a placa basal.
- D) Existen lóbulos accesorios.

8. Segundo a Sociedade Española de Fertilidade (SEF), cal é a técnica de reprodución asistida con maior probabilidade de éxito por cada intento ou ciclo?

- A) FIV con Ovodonación.
- B) FIV con óvulos propios.
- C) Inseminación artificial con seme de doante.
- D) Inseminación artificial con seme de cónxuxe ou homóloga.

9. Sinale o factor que demostrou mellorar a experiencia materna do momento do parto:

- A) Limitar a inxesta de líquidos durante a segunda fase do parto, cando os puxos se iniciaron.
- B) Desinfección con clorhexidina da zona xenital e perianal para evitar infeccións.
- C) Soporte emocional proporcionado pola presenza continuada dun acompañante da súa elección.
- D) Desexo da xestante de poñerse un enema de limpeza ao comezo do parto.

10. A Lola, G1 40+3 serm. estáselle inducindo o parto por RPM con oxitocina. A súa dilatación cervical é de 5 cm e non flúe líquido amniótico neste momento. O RCTG mostra unha FCF basal de 160 lpm cunha variabilidade inferior a 5 lpm con ausencia de aceleracións nos últimos 70 min. Afebril. Vostede estivo realizando cambios posturais maternos sen observarse modificacións no rexistro. Segundo a Guía de Monitorización Fetal Intraparto baseada en Fisiopatoloxía, como clasificaría este rexistro e que actitude debería adoptar?

- A) Trátase dun RCTG anormal e informaría ao obstetra para unha avaliación do estado do feto.
- B) Trátase dun RCTG intermedio e informaría ao obstetra para unha avaliación do estado do feto.
- C) Trátase dun RCTG intermedio, polo que esperaría un pouco máis para ver a súa evolución.
- D) Trátase dun RCTG non tranquilizador e estimularía a calota fetal para evaluar a hipoxia/acidose.

11. Con respecto ao emprego de óxido nítrico durante o traballo de parto, é INCORRECTO:

- A) É fundamental que a máscara sexa sostida pola propia xestante e non polo seu acompañante.
- B) O uso do óxido nítrico inhalado pode causar náuseas, mareo, caída accidental e boca seca.
- C) Necesita un tempo de latencia entre 30 e 45 segundos antes do inicio da contracción para que alcance niveis terapéuticos.
- D) Polo seu alto grao de efectividade e perfil de seguridade, o óxido nítrico no parto úsase puro ao 100%.

12. Indique a resposta incorrecta en relación á orixe do cancro de colo uterino:

- A) Os serotipos HPV 16 e 18 explican o 70% dos casos de cancro de colo uterino.
- B) A persistencia da infección por HPV é o elemento necesario para o desenvolvemento do cancro de colo uterino.
- C) Máis do 90% das infeccións por HPV son transitorias e por tanto irrelevantes desde o punto de vista oncoxénico.
- D) As infeccións por HPV oncoxénico que persisten máis aló de 12 meses van producir lesións precancerosas ou cancerosas.

13. En que intervalo de semanas de xestación recoméndase realizar o cribado universal de diabetes mellitus xestacional?

- A) 15 a 20 semanas.
- B) 24 a 28 semanas.
- C) 10 a 12 semanas.
- D) 32 a 36 semanas.

14. Ante unha paciente de 28 anos que presentou na citoloxía un resultado ASCUS e un test negativo para o virus do papiloma humano (HPV), está indicado:

- A) Realizar unha citoloxía aos 3 anos.
- B) Realizar un cotest ao ano.
- C) Repetir a citoloxía aos 6 meses.
- D) Derivar á consulta de xinecoloxía.

15. Cal é a dose diaria recomendada de ácido fólico, en xestantes de baixo risco, para reducir o risco de defectos do tubo neural e apoiar a hematopoesa durante o embarazo?

- A) 0,4 a 0,8 mg.
- B) 4,0 a 8,0 mg.
- C) 27 a 30 mg.
- D) 0,1 a 0,2 mg.

16. Unha muller de 62 anos acode a consulta médica por un nódulo de recente aparición e indoloro na axila dereita. Hai 2 meses que se fixo a mamografía de cribado con resultado negativo. Cal sería a actuación correcta desde o centro de saúde?

- A) Tranquilizala, os nódulos poden ser variacións normais da estrutura da mama, a mamografía é recente e non se detecta ningunha alteración.
- B) Chamar ao teléfono de contacto con usuarias do Programa de Cribado de cancro de mama do SERGAS para concertar cita e repetir a mamografía.
- C) Activar un protocolo de actuación de Vía Rápida para pacientes derivadas de Atención Primaria tras obxectivar unha sospeita clínica.
- D) Solicitar unha ecografía e analítica de sangue con marcadores tumorais e derivar ao Servizo de Cirurxía para valoración.

17. Segundo a "Asociación Española para el Estudio de la Menopausia" (AEEM), a etioloxía máis frecuente da Insuficiencia Ovárica Primaria (IOP) é atribuíble a causa:

- A) Autoinmune.
- B) Xenética.
- C) Iatroxénica.
- D) Idiopática.

18. Ana é unha xestante de 40 anos con cesárea anterior á que lle diagnosticaron placenta previa. Que alteración placentaria debemos contemplar con maior probabilidade no momento do parto?

- A) Vasa previa.
- B) Placenta increta.
- C) Placenta succenturiata.
- D) Placenta accreta.

19. En relación coa mola hidatiforme completa, sinala a afirmación correcta:

- A) O cariotipo 46,XX implica necesariamente fecundación por dous espermatozoides.
- B) O cariotipo máis frecuente na mola hidatiforme completa é o 46,XY.
- C) O cariotipo 46,XY é incompatible coa mola hidatiforme completa.
- D) O cariotipo 46,XX pode orixinarse tanto pola duplicación do material xenético paterno como por fecundación dispérmica.

20. Cal é o signo clínico que define o shock séptico neonatal e diferénciao dunha sepsis compensada?

- A) Taquicardia fetal mantida durante polo menos 30 minutos antes do parto.
- B) Aumento do ton muscular do neonato e hipertonía reactiva.
- C) Aparición de tinguidura ictérica na cara, orellas e tórax tras as primeiras 24 horas de vida.
- D) Enchido capilar prolongado (máis de 3 segundos) por hipoperfusión tisular e hipotensión.

21. En relación coa avaliación de necesidades previa ao deseño dun programa de educación maternal grupal, sinala a opción correcta:

- A) Para evitar variabilidade entre grupos, é recomendable utilizar un programa estándar sen modificacións tras a fase de avaliación.
- B) A avaliación inicial só é necesaria en programas destinados a xestantes primíparas, dado que as múltiparas xa coñecen os contidos básicos.
- C) A identificación de necesidades debe contemplar factores individuais, sociais e culturais, permitindo adaptar os contidos e a metodoloxía do programa.
- D) A avaliación debe apoiarse exclusivamente nos rexistros clínicos, xa que as entrevistas ou cuestionarios ás xestantes xeran prexuíxos de desexabilidade social.

22. En relación co chancro sifilítico, sinala a afirmación correcta:

- A) Caracterízase por ser unha lesión indurada, exudativa e pouco ou nada dolorosa. Polo xeral, preséntase de forma única.
- B) Caracterízase por ser unha lesión indurada, non exudativa e dolorosa. Polo xeral, preséntase de forma única.
- C) Caracterízase por ser unha lesión indurada, non exudativa e pouco ou nada dolorosa. Polo xeral, preséntase de forma única.
- D) Caracterízase por ser unha lesión blanda, dolorosa e exudativa. Habitualmente múltiple.

23. Na avaliación funcional da musculatura do solo pelviano mediante o acrónimo PERFECT, que mide especificamente o parámetro 'F' (Fast)?

- A) A forza máxima dunha única contracción mantida.
- B) O tempo que tarda o músculo en relaxarse tras o esforzo.
- C) A velocidade do fluxo urinario durante a micción.
- D) O número de contraccións rápidas realizadas de forma seguida durante 10 segundos.

24. Yolanda é unha puérpera que recibe o alta hospitalaria ás 48 horas postparto. Demanda información sobre a suplementación de vitamina D₃ ao bebé. Que se recomenda segundo a Guía de saúde infantil en Galicia?

- A) Administración universal de 400 UI de vitamina D₃ diarias durante o primeiro ano de vida do bebé.
- B) Administración de 400 UI de vitamina D₃ semanal a todos os nados desde o 1 de outubro ata o 31 de marzo.
- C) A administración de 400 UI de vitamina D₃ non é necesaria para bebés alimentados exclusivamente con leite materno durante o primeiros seis meses de vida.
- D) A administración de 400 UI de vitamina D₃ non se recomenda a bebés alimentados con leite de fórmula enriquecida se se asegura unha inxesta diaria de 500 ml.

25. No tratamento da incontinencia urinaria de urxencia, en que consiste a reeducación vesical?

- A) En orixinar unicamente cando a vexiga estea á súa máxima capacidade.
- B) En realizar exercicios de forza máxima cada vez que se sinte o desexo de orixinar.
- C) En establecer miccións programadas aumentando paulatinamente o intervalo de tempo entre elas.
- D) En reducir a inxesta de líquidos a menos dun litro diario.

26. Un recentemente nado presenta microcefalia, hipotonía e un pranto agudo característico similar ao miañar dun gato. Cal é o diagnóstico máis probable?

- A) Síndrome de Down.
- B) Síndrome de Cri du Chat.
- C) Síndrome de DiGeorge.
- D) Síndrome de Williams.

27. En relación co Programa Galego para a detección precoz de enfermidades Xenéticas, Endócrinas e Metabólicas no período neonatal, cal das seguintes enfermidades NON está incluída no mesmo?

- A) Hipotiroidismo conxénito.
- B) Anemia de células falciformes.
- C) Atrofia medular espiñal.
- D) Hemocromatose hereditaria.

28. Identifique cal das seguintes vacinas e momento de administración sería o incorrecto:

- A) A vacinación da varicela a toda muller en idade fértil que non pasase a enfermidade nin fose vacinada. Evitar embarazo nas 4 semanas seguintes a súa administración.
- B) A vacina da hepatite B durante o embarazo a grupos de risco ou para completar pauta de inmunización iniciada previa ao embarazo.
- C) A vacina da tose ferina entre as 28–30 semanas de xestación, repetindo dose con cada embarazo.
- D) A vacina do virus do papiloma humano durante o embarazo, se hai indicación para iso.

29. Cal das seguintes condicións médicas considérase unha contraindicación absoluta para o uso de anticoncepción hormonal combinada?

- A) A presenza de varices simples en membros inferiores.
- B) Antecedentes familiares de diabetes tipo 2.
- C) Hemicrania con aura focal.
- D) Obesidade con índice de masa corporal (IMC) de 32 kg/m².

30. Segundo as últimas recomendacións do Grupo de Prevención na Infancia e Adolescencia (PrevInfad, 2022) do "Programa de Actividades Preventivas y de Promoción de la Salud (PAPPS)", en recentemente nados nos que non se administra profilaxe intramuscular con vitamina K ao nacemento, cal é a pauta profiláctica oral recomendada para a prevención da enfermidade hemorráxica do recentemente nado?

- A) Tres doses de 2 mg oral (ao nacemento, entre o 2^o-3^o día e entre as 4-6 semanas).
- B) Tres doses de 2 mg oral (ao nacemento, entre o 4^o-6^o día e entre as 2-3 semanas).
- C) Tres doses de 2 mg oral (ao nacemento, entre o 2^o-3^o día e entre as 2-3 semanas).
- D) Tres doses de 2 mg oral (ao nacemento, entre o 4^o-6^o día e entre as 4-6 semanas).

31. Unha matrona publica nas súas redes sociais unha fotografía súa na que aparece cunha puérpera e o seu bebé mamando no paridoiro. Pixelou as caras de ambos e comentou "marabillosa lactación tras meconio e ventosa difícil en Marcide hoxe". A mamá deu permiso para sacar unha fotografía pero non sabe o destino da mesma. Que implica esta acción da matrona?

- A) Unha violación do segredo profesional e unha infracción grave da protección de datos de carácter persoal.
- B) Non se desvela o secreto profesional nin se vulnera a confidencialidade porque as caras están tapadas e non se poñen nomes.
- C) Unha infracción da ética profesional sen implicacións legais.
- D) Se a nai deu permiso para sacar un foto no paritorio non se está vulnerando a confidencialidade nunha contorna pública.

32. Segundo a revisión Cochrane publicada en 2020 sobre intervencións para a prevención da oftalmía neonatal, que recolle as opcións aceptables utilizadas en guías internacionais de saúde pública, cal dos seguintes axentes NON figura como opción para a profilaxe ocular do recentemente nado?

- A) Pomada oftálmica de tetraciclina ao 1%.
- B) Tobramicina 0,3% colirio.
- C) Pomada oftálmica de erictromicina ao 0,5%.
- D) Solución acuosa de povidona iodada ao 2,5%.

33. Segundo as recomendacións da "Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia" (SEGO) e do "Grupo Español de Diabetes y Embarazo" (GEDE), o obxectivo de glucemia capilar durante o periodo intraparto na xestante con diabetes prexestacional é:

- A) Manter glucemias entre 90-140 mg/dl (5,0-7,8 mmol/L).
- B) Manter glucemias entre 60-90 mg/dl (3,3-5,0 mmol/L).
- C) Manter glucemias por debaixo de 70 mg/dl (menor a 3,9 mmol/L).
- D) Manter glucemias entre 70-110 mg/dl (3,9-6,1 mmol/L).

34. Que porcentaxe aproximada de fibras musculares tónicas Tipo I (de contracción lenta e resistente á fatiga) compón o solo pelviano?

- A) Exactamente o 50 %.
- B) Aproximadamente o 70 %.
- C) Aproximadamente o 30 %.
- D) Case o 100 %.

35. En relación ao parto instrumental, sinale a resposta incorrecta:

- A) O fórceps ten unha alta taxa de éxito, permite a rotación da cabeza, aínda que con uso limitado en partos prematuros debido ao risco de lesións.
- B) Está indicado en múltiparas: cando non hai progresión da segunda fase do parto a pesar de presentar boa dinámica uterina durante máis de 3 horas con epidural ou 2 horas sen anestesia.
- C) A ventosa permite a flexión e tracción da cabeza. Para reducir o risco de complicacións a presión máxima non debe superar os 500–600 mmHg.
- D) Está indicado en nulíparas: cando non hai progresión da segunda fase do parto a pesar de presentar boa dinámica uterina durante máis de 4 horas con epidural ou 3 horas sen anestesia.

36. Segundo a evidencia actual, cal é o método de anticoncepción de emerxencia con maior eficacia, presentando taxas de embarazo do 0,1 %?

- A) Acetato de ulipristal (UPA) 30 mg.
- B) Dispositivo intrauterino (DIU) de cobre 380 mm.
- C) Dispositivo intrauterino (DIU) de levonorgestrel de 52 mg.
- D) Levonorgestrel oral 1,5 mg asociado a piroxicam 40 mg.

37. Canto tempo se conserva de maneira segura o leite materno desconxelado?

- A) 24 horas na neveira entre 0° e 4°C.
- B) 4 horas a temperatura ambiente entre 19° e 22°C.
- C) 48 horas na neveira entre 0° e 4°C.
- D) 6 horas a temperatura ambiente entre 19° e 22°C.

38. Cal dos seguintes enunciados é correcto con respecto á distocia de ombreiros?

- A) Recoméndase avaliar os factores de risco da distocia de ombreiros en toda xestación por relacionarse ben coa súa predición e prevención.
- B) Na prevención intraparto recoméndase a atención ao parto en dous pasos, evitando a tracción inmediata do polo cefálico tras o nacemento do mesmo.
- C) A afectación do brazo esquerdo é a máis frecuente, dado que a posición máis habitual do feto é a occípito iliaca esquerda anterior (OIIA).
- D) As manobras do primeiro, segundo e terceiro nivel deben levarse a cabo de forma secuencial ata conseguir a resolución da distocia.

39. Que recomendación de tempo debe seguirse tras a administración de vacinas con virus vivos (como a tripla vírica) antes de que unha muller tente concibir?

- A) Pódense administrar durante o primeiro trimestre de embarazo se o risco de exposición é alto.
- B) Quince días é suficiente para que o sistema inmune xere anticorpos protectores.
- C) Polo menos tres meses.
- D) Polo menos un mes.

40. En relación coa configuración xurídica da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde conforme ao Real Decreto 1030/2006 e á Lei 16/2003, sinala a opción correcta:

- A) A carteira común ten carácter orientador, podendo as comunidades autónomas adaptar tanto o seu contido como as súas condicións de acceso en función das súas prioridades sanitarias.
- B) A carteira común garante a igualdade no acceso ás prestacións en todo o territorio nacional, establecendo un chan mínimo homoxéneo que non pode ser reducido polas comunidades autónomas.
- C) As prestacións incluídas na carteira común básica poden estar suxeitas a copagamento autonómico adicional se así o determina a normativa de cada comunidade autónoma.
- D) A aprobación da carteira común corresponde exclusivamente a cada comunidade autónoma no exercicio das súas competencias en materia de Sanidade.

41. Cal é o signo histolóxico característico que marca o comezo da fase secretora no endometrio?

- A) Presenza de mitose nas glándulas.
- B) Presenza de arterias espirais rectilíneas.
- C) Presenza de vacuolas subnucleares de glicóxeno.
- D) Edema en estroma endometrial.

42. De acordo con o DSM-5, cal é o requisito fundamental para diagnosticar unha disfunción sexual feminina, máis aló da persistencia do síntoma?

- A) A confirmación de niveis de testosterona por baixo do rango fisiolóxico.
- B) A presenza dunha condición médica subxacente como a diabetes ou a anemia.
- C) Que o problema cause un marcado malestar persoal ou dificultades interpersoais.
- D) Que a muller se atope na etapa de postmenopausia natural ou cirúrxica.

43. Segundo a clasificación de Page, o desprendemento prematuro de placenta normoinserta (DPPNI) que presenta metrorraxia escasa, zona de desprendemento inferior ao 30%, dor leve, ausencia de hipertónía uterina, sen alteracións da coagulación, feto vivo e bo estado xeral materno corresponde a:

- A) Grado 0.
- B) Grado I.
- C) Grado II.
- D) Grado III.

44. Durante o ano 2024, nun país determinado, rexistrouse unha taxa de 1,3 defuncións en recentemente nados menores dunha semana de vida por cada 1.000 nados vivos. Este indicador corresponde a:

- A) Taxa de mortalidade infantil.
- B) Taxa de mortalidade neonatal tardía.
- C) Taxa de mortalidade neonatal precoz.
- D) Taxa de mortalidade perinatal.

45. A principal complicación asociada á distocia de ombreiros é a lesión do plexo braquial, sendo a localización máis frecuente e con mellor pronóstico:

- A) A parálise do plexo baixa ou de Klumpke.
- B) A parálise do plexo intermedia ou de Barnum.
- C) A parálise do plexo alta ou de Erb-Duchenne.
- D) A parálise braquial de Kerer.

46. Segundo a "Sociedade Española de Ginecología y Obstetricia" (SEGO), entre os factores de risco para a aparición de lesións perineais obstétricas de III e IV grao, inclúense todos os seguintes, EXCEPTO:

- A) Episiotomía media.
- B) Peso fetal superior a 4.000 gramos.
- C) Presentación occípito-posterior.
- D) Multiparidade.

47. Se unha compañeira matrona dime que "é obxeccionada de conciencia" e que non pensa entrar na habitación dunha paciente con tratamento para unha ILE nin para administrarlle analxesia, cal é o límite legal da obxección de conciencia neste caso?

- A) O profesional sanitario ten dereito a non participar en ningún coidado enfermeiro relacionado cunha xestante que se somete a unha ILE.
- B) A obxección só ampara a participación directa na interrupción (indución) pero non lle exime do deber de asistencia nos coidados básicos.
- C) A obxección debe ser comunicada verbalmente á supervisión de enfermería e, na súa falta, ao xefe de servizo de Obstetricia, no momento de recibir a orde.
- D) A obxección de conciencia ampara unicamente ao persoal facultativo especialista, o persoal de enfermería non pode exercer este dereito por non estar implicado directamente na interrupción.

48. Se un proxenitor varón ten unha enfermidade por unha mutación xenética autosómica dominante, que é CERTO?

- A) O 25% dos seus fillos biolóxicos herdarán a mutación xenética.
- B) O 50% dos fillos biolóxicos serán portadores sans.
- C) O risco é igual para fillos e fillas, o 50% dos seus fillos biolóxicos herdarán a mutación xenética.
- D) Para que os seus fillos biolóxicos herden a enfermidade necesítase que ambos os proxenitores acheguen a mutación do xen.

49. Tras un diagnóstico de síndrome de Down ás 13 semanas, a xestante decide interromper. Que é CERTO sobre o tratamento médico para evacuar o útero?

- A) A Mifepristona oral darase 48 horas antes do ingreso hospitalario para provocar a morte do feto.
- B) As pautas de Misoprostol vaginal cada 3 horas sen Mifepristona son máis eficaces e acurtan o tempo de expulsión.
- C) É un efecto secundario do Misoprostol a hipertermia da muller podendo alcanzar os 38 graos.
- D) A Mifepristona é un análogo das prostaglandinas E1 que provoca maduración cervical e contraccións uterinas.

50. Na nosa unidade vemos que hai dúas matronas novas que aplican compresas impregnadas en solucións de glicosa ao 50% para reducir a dor perineal tras o parto. A práctica clínica habitual usada na nosa unidade de enfermería é aplicación de xeo local. Se queremos formular unha pregunta de investigación estruturada en formato PICO para buscar evidencia sobre o uso de solucións de glicosa no perineo, que sería a "O"?

- A) A aplicación de solucións de glicosa.
- B) A aplicación de xeo local.
- C) A redución da dor perineal.
- D) Puérperas con dor perineal.

51. Sobre o uso de implantes de proxesterona (como o Implanon) no postparto inmediato, cal é a recomendación xeral baseada na seguridade e na lactación?

- A) Só recoméndanse se o parto foi por cesárea.
- B) Poden colocarse de forma segura en calquera momento despois do parto.
- C) Deben retrasarse 6 semanas por risco de fallo na lactoxénese.
- D) Están contraindicados se a muller ten antecedentes de depresión posparto.

52. Inés habitualmente ten regras moi abundantes que minguan a súa calidade de vida. Sinale a opción INCORRECTA con respecto ao tratamento médico non hormonal do sangrado.

- A) O ácido tranéxico debe tomarse diariamente durante todo o ciclo menstrual.
- B) Os AINES reducen o sangrado ao diminuír os niveis de prostaglandinas vasodilatadoras.
- C) O ácido tranexámico está contraindicado en mulleres con alto risco tromboembólico.
- D) O ácido tranexámico pode reducir o volume de sangrado entre un 40% e 50%.

53. Un bebé con dificultades no enganche, presenta un freo sublingual. Cal é a primeira medida a empregar para axudar ao bebé?

- A) Realizar extracción do leite e alimentar con taciña/vasiño.
- B) Axudar á nai a reposicionar ao bebé para conseguir un enganche máis profundo.
- C) Solicitar valoración por especialista de freo.
- D) Recomendar á nai unha teteoira.

54. Cal é a actitude a seguir ante unha paciente con citoloxía HSIL (Lesión escamosa intraepitelial de alto grao)?

- A) Indicar unha colposcopia de maneira preferente se ten máis de 25 anos.
- B) Indicar unha colposcopia de maneira preferente independentemente da idade.
- C) Indicar colposcopia dependendo do resultado do HPV.
- D) Ás menores de 25 anos non está recomendado realizar colposcopia, repíteselle a citoloxía ao cabo dun ano.

55. Segundo a "Sociedade Española de Ginecología y Obstetricia" (SEGO), en xestacións únicas con ameaza de parto pretérmino, considérase cérvix curto a partir das 32 semanas cando a lonxitude cervical medida por ecografía transvaxinal é:

- A) Menor ou igual a 25 mm.
- B) Menor ou igual a 20 mm.
- C) Menor ou igual a 15 mm.
- D) Menor ou igual a 10 mm.

56. O obxectivo fundamental do procedemento de cribado de violencia de xénero da Xunta de Galicia no ámbito sanitario é:

- A) Sensibilizar e proporcionar formación especializada ao persoal sanitario.
- B) Apoiar á muller no desenvolvemento dos seus dereitos legalmente recoñecidos.
- C) Mellorar a detección precoz da muller que está a ser vítima de violencia.
- D) Proporcionar os recursos socioterapéuticos necesarios.

57. Respecto á educación para a saúde na muller, todo o seguinte é correcto, agás:

- A) Debe partir das experiencias, sentimentos e crenzas previas da muller e a súa parella (se é o caso).
- B) Os métodos de comunicación unidireccionais teñen maior cobertura e son máis eficaces que os bidireccionais.
- C) O comunicador en saúde debe investigar como foi recibida a mensaxe.
- D) Entre as técnicas de comunicación, unha das máis usadas é a chamada "Philips 6.6".

58. En relación a la valoración de la FCF durante la cardiotocografía intraparto, sinala a resposta incorrecta:

- A) A hipoxia subaguda está case sempre causada por hiperestimulación uterina.
- B) Calquera incremento na FCF basal sen desaceleracións previas debería facer sospeitar unha corioamnionitis subclínica.
- C) Ante unha bradicardia de máis de 3 minutos solicitaremos axuda e aplicaremos medidas correctoras, e se non se obxetiva recuperación fetal no minuto 10, todo debe estar preparado para parto instrumental ou cesárea.
- D) Se as aceleracións coinciden coa contracción hai que descartar que se estea monitorizando o latexo materno.

59. Na atención prenatal a unha xestante con hipertensión arterial, sinala a opción correcta:

- A) Se ten alto risco de preeclampsia, recoméndase iniciar antes da semana 11 a toma de ácido acetilsalicílico (AAS) 150 mg/24h en toma nocturna.
- B) A existencia de sangrado vaxinal durante a profilaxe con AAS obríganos a suspender a medicación para investigar a causa.
- C) No caso de eclampsia, o labetalol é o tratamento de primeira liña.
- D) Ante sospeita de preeclampsia sobreengadida, unha determinación da razón SFlt/PIGF inferior a 38 descarta a enfermidade durante 1–4 semanas.

60. Segundo a clasificación de Coryllos, cal é a principal característica do freo lingual tipo 3?

- A) Freo grosso e fibroso, non elástico; a lingua está ancorada dende a metade ata o chan da boca.
- B) Freo fino e elástico; a lingua está ancorada dende a punta ata o suco alveolar, e obsérvase en forma de corazón.
- C) O freo non se ve, pálpase, cunha ancoraxe fibrosa ou submucosa grossa e brillante desde a base lingual ata o chan da boca.
- D) Freo fino e elástico, a lingua está ancorada desde 2–4 mm da punta ata preto do suco alveolar.

61. Natalia é unha puérpera de 7 días preocupada pola Síndrome de morte Súbita no Lactante ou SMSL. Que factores protectores do SMSL teñen evidencia científica e recomenda a Asociación Española de Pediatría?

- A) Usar dispositivos con antienvorcadura tipo cuña e coxíns posicionadores no berce do bebé pode previr o SMSL.
- B) É preferible durmir co bebé nos brazos no sofá que deixalo só no berce.
- C) É recomendable o uso de chupetes á sesta e ao durmir pola noite, pero unha vez que a lactación materna estea ben establecida.
- D) Es recomendable que el bebé duerma en decúbito prono e nun colchón firme.

62. Que fármaco tocolítico pertence ao grupo dos inhibidores da síntese de prostaglandinas?

- A) Atosibán.
- B) Nifedipino.
- C) Ritodrina.
- D) Indometacina.

63. A base de datos bibliográficos da Fundación Index que inclúe produción científica de enfermería sobre coidados de saúde de contido clínico asistencial e de promoción da saúde é:

- A) Cuiden.
- B) PubMed.
- C) Biblioteca Cochrane.
- D) Dialnet.

64. Cal é a alteración máis característica da síndrome conxénita por virus Zika?

- A) Hidrops fetal.
- B) Mielomeningocele.
- C) Microcefalia.
- D) Cardiopatía conxénita.

65. Na patoxénese da preeclampsia, cal é o evento clave inicial que ocorre no primeiro trimestre?

- A) Fallo na remodelación normal das arterias espirais.
- B) Activación inmediata do sistema renina–angiotensina–aldosterona (RAAS).
- C) Aparición de proteinuria masiva por dano nos podocitos.
- D) Aumento da sensibilidade sistémica á Angiotensina II.

66. En relación cos mecanismos de desprendemento placentario, sinala a afirmación correcta:

- A) O mecanismo de Baudelocque–Schultze asóciase a exteriorización precoz de sangue.
- B) O mecanismo de Baudelocque–Duncan caracterízase pola expulsión da placenta pola cara fetal.
- C) O mecanismo de Baudelocque–Duncan asóciase a exteriorización precoz de sangue.
- D) O mecanismo de Baudelocque–Schultze iníciase na zona marxinal da placenta.

67. Segundo a “Estratexia galega de seguridade e calidade asistencial 2024–2028”, a dimensión máis utilizada para medir a calidade da atención sanitaria é:

- A) Calidade científico–técnica.
- B) Atención centrada no paciente.
- C) Accesibilidade.
- D) Seguridade.

68. Unha matrona quere investigar se un novo material de sutura perineal reduce a infección da episiorrafia. Que tipo de deseño será o máis adecuado para establecer relación causa–efecto entre intervención e resultado?

- A) Un estudo de casos e controis.
- B) Un ensaio clínico aleatorizado.
- C) Unha enquisa de satisfacción das púerperas.
- D) Un informe de caso clínico.

69. O Programa Galego para la Detección Precoz de Enfermidades Xenéticas, Endócrinas e Metabólicas no Período Neonatal, constitúe unha intervención propia de:

- A) Prevención terciaria.
- B) Prevención primaria.
- C) Promoción da saúde.
- D) Prevención secundaria.

70. Cal é o límite superior de glicosa en sangue en xaxún recomendado para pacientes con diabetes mellitus gestacional (DMG)?

- A) 140 mg/dL.
- B) 120 mg/dL.
- C) 95 mg/dL.
- D) 126 mg/dL.

71. A manobra de Mauriceau na axuda manual ao parto na presentación podálica emprégase en:

- A) Desprendemento dos ombreiros.
- B) Desprendemento das nádegas.
- C) Extracción da cabeza última encaixada.
- D) Desprendemento de ombreiros e cabeza.

72. Segundo a lei 41/2002 básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica: no contexto dun traballo de parto preséntase unha bradicardia fetal mantida sen recuperación e as dúas xinecólogas indican unha cesárea urxente. A parturiente está consciente pero moi nerviosa. Como debe ser obtido o consentimento para a cesárea?

- A) Non é obligatorio informar á xestante porque a urxencia vital non admite demoras.
- B) O consentimento debe ser obrigatoriamente por escrito, con información exhaustiva de riscos e beneficios e asinado pola xestante antes de entrar en quirófano.
- C) Dada a situación de urxencia, é válido legalmente que firme o consentimento o acompañante se é cónxuxe ou familiar de primeiro grao e maior de idade.
- D) Pode ser consentimento verbal dada a urxencia na extracción do feto, pero debe quedar constancia na historia clínica de que se informou á xestante e que o aceptou.

73. En relación cos desgarros perineais obstétricos, segundo a clasificación de Sultan, un desgarro de grao IIIa defínese por:

- A) Lesión do 50% ou máis do espesor do esfínter anal externo.
- B) Lesión menor do 50% do espesor do esfínter anal interno.
- C) Lesión menor do 50% do espesor do esfínter anal externo.
- D) Lesión do 50% ou máis do espesor do esfínter anal interno.

74. Durante a auscultación intermitente da frecuencia cardíaca fetal (FCF) durante o parto, sinala a opción incorrecta:

- A) Ao comezo da monitorización, auscultar polo menos un minuto entre contraccións para establecer a FCF basal.
- B) Na primeira fase do parto a FCF debe ser auscultada durante a contracción cada 15 minutos.
- C) Non permite determinar a variabilidade da FCF.
- D) A cesárea anterior non é un criterio de inclusión para monitorización intermitente.

75. Respecto á figura do titor na Formación Sanitaria Especializada, segundo o Real Decreto 183/2008, sinala a afirmación correcta:

- A) Terá asignado un máximo de 4 residentes.
- B) Terá asignado un máximo de 5 residentes.
- C) Terá asignado un máximo de 6 residentes.
- D) Non existe limitación normativa no número de residentes asignados.

76. Na comunicación terapéutica nunha consulta de atención primaria, a descodificación da mensaxe por parte da matrona debe incluír o seguinte, excepto:

- A) Tentar captar a visión subxectiva do emisor.
- B) A escoita pasiva. Permanecer en silencio é suficiente a maior parte das veces.
- C) O feedback ao contido e ao sentimento do emisor.
- D) A atención á paralinguaxe do emisor.

77. Unha muller cun índice de masa corporal (IMC) de 32 kg/m² solicita anticoncepción de emerxencia oral. Cal é a recomendación baseada na eficacia segundo o seu peso?

- A) O acetato de ulipristal está contraindicado en pacientes con obesidade grao I.
- B) Administrar unha dose dobre de levonorgestrel (3 mg).
- C) Preferir o acetato de ulipristal sobre o levonorgestrel oral.
- D) O peso non inflúe na eficacia dos métodos orais, polo que pode usar calquera deles.

78. Sobre os exercicios hipopresivos nos grupos de educación postparto, sinala a opción INCORRECTA:

- A) Débense realizar coa veiga semichea para fortalecer o esfínter uretral e relaxar o detrusor.
- B) Axudan a reposicionar os órganos intrapélvicos mediante un efecto de succión.
- C) Están contraindicados temporalmente en mulleres con procesos inflamatorios abdominais.
- D) Buscan a activación reflexa da musculatura profunda do abdome.

79. O cribado combinado do primeiro trimestre para a detección de anomalías cromosómicas inclúe os seguintes marcadores:

- A) Alfa-fetoproteína, beta-hCG e translucencia nual.
- B) Beta-hCG, PAPP-A e translucencia nual.
- C) Alfa-fetoproteína, PAPP-A e translucencia nual.
- D) PAPP-A, beta-hCG e estriol libre.

80. Na indución médica do parto en xestantes con cesárea previa, informaremos do maior risco de rotura uterina e das distintas opcións para a maduración cervical, entre as que se encontra:

- A) Os derivados da prostaglandina E1 (PGE1 – Dinoproston).
- B) Os derivados da prostaglandina E2 (PGE2 – Misoprostol).
- C) Os derivados da prostaglandina E2 (PGE2 – Dinoproston).
- D) Os derivados da prostaglandina E1 (PGE1 – Misoprostol).

81. Respecto a as técnicas de respiración e relaxación empregadas na preparación ao parto, indique a resposta correcta:

- A) A respiración superficial rápida é a técnica recomendada durante todas as fases do traballo de parto, xa que diminúe eficazmente a presión intraabdominal e reduce a dor.
- B) A práctica continuada de técnicas de relaxación diminúe a actividade simpática, mellora a percepción de control e pode reducir a necesidade de intervencións analxésicas farmacolóxicas.
- C) A respiración diafragmática está contraindicada no primeiro trimestre debido ao aumento do volume tidal característico do embarazo.
- D) A visualización guiada considérase unha técnica de relaxación de uso limitado no parto ao interferir coa concentración necesaria durante as contraccións.

82. No deseño dun cuestionario que avalíe a satisfacción das puérperas coa atención hospitalaria durante o proceso do parto e puerperio, como se denomina a capacidade do cuestionario de obter resultados similares ao aplicarse en contextos clínicos idénticos?

- A) Validez externa.
- B) Fiabilidade ou precisión.
- C) Sensibilidade.
- D) Validación de contido.

83. Segundo a Guía de Práctica Clínica sobre Atención ó Parto Normal do SNS, ante un diagnóstico de retardo de dilatación do parto, sinala a resposta incorrecta:

- A) Ofrecerase a estimulación con oxitocina e métodos para a xestión da dor.
- B) Practicarase monitorización continua da FCF.
- C) Realizarase unha nova exploración vaxinal 2 horas despois de comezar a oxitocina.
- D) Se na seguinte valoración o progreso da dilatación é inferior a 2 cm o caso será reavaliado tomando en consideración a posibilidade dunha cesárea.

84. A alteración da capa de Nitabuch asóciase principalmente a:

- A) Desprendemento prematuro de placenta.
- B) Placenta previa.
- C) Acretismo placentario.
- D) Inserción velamentosa do cordón.

85. Cal é o risco aproximado de morte súbita inesperada do lactante (MSIL) asociado ao consumo materno de tabaco durante o embarazo?

- A) O risco só aumenta se a nai fuma máis dun paquete ao día durante o terceiro trimestre.
- B) O risco desaparece se a exposición da nai é unicamente como fumadora pasiva.
- C) Non existe unha relación dose-resposta demostrada entre o tabaco e o MSIL.
- D) O risco duplícase aproximadamente, mesmo co consumo dun só cigarro ao día.

86. Con respecto aos trastornos psicolóxicos e do ánimo no puerperio. Que é INCORRECTO?

- A) A escala de Edimburgo (EPDS) inclúe unha pregunta específica sobre os pensamentos de facerse dano a si mesma, calquera puntuación distinta a 0 nese ítem esixe unha valoración psicolóxica da puérpera cunha prioridade máxima.
- B) Maternity Blues é unha alteración do ánimo moi frecuente que afecta ás puérperas cunha prevalencia entre 50% e 80%.
- C) A psicose puerperal ten unha prevalencia moi baixa (entre 0.1% e 0.2%), é de debut moi precoz (nas primeiras 48–72 horas postparto) e é unha urxencia que esixe ingreso hospitalario inmediato por poñer en grave perigo a diada nai–bebé.
- D) A clínica do Maternity Blues inclúe tristeza profunda, pranto, sentimentos de culpa e anhedonia que poden cronificarse se non se tratan cunha temperá combinación de psicoterapia condutual e psicofármacos.

87. Segundo a "Fetal Medicine Foundation" (FMF), cal das seguintes combinacións de parámetros é a máis precisa no primeiro trimestre para predicir a preeclampsia pretérmino?

- A) Factores demográficos e antecedentes médicos obtidos na primeira visita.
- B) Factores maternos, presión arterial media (MAP), índice de pulsatilidade da arteria uterina (UTPI) e factor de crecemento placentario (PIGF).
- C) Medición illada da proteína plasmática A asociada ao embarazo (PAPP–A).
- D) Avaliación da relación tirosina quinase-1 soluble similar a fms (sFlt–1)/PIGF no primeiro trimestre.

88. Cal dos seguintes factores asóciase cunha maior probabilidade de éxito nun intento de versión cefálica externa?

- A) Multiparidade.
- B) Obesidade materna de IMC maior ou igual de 40 kg/m².
- C) Placenta anterior.
- D) Nuliparidade.

89. Acode á nosa consulta unha moza de 24 anos usuaria de AHC e angustiada por un sangrado que non coincide coa súa regra. Na entrevista descubrimos que tivo esquecementos nas pastillas anticonceptivas. Segundo a clasificación PALM–COEIN de 2018, que etiqueta lle poñerías a un sangrado provocado polo esquecemento de catro comprimidos de anticonceptivo oral combinado?

- A) E (endometrial).
- B) I (iatroxénico).
- C) O (disfunción ovulatoria).
- D) H (hormonal).

90. Son signos de normalidade nun neno acabado de nacer alimentado con lactación materna, sinale a opción errónea:

- A) Unha perda de peso do 8% no cuarto día de vida.
- B) Entre 3–4 deposicións de cor amarela mostaza ao quinto día de vida.
- C) Polo menos 6 miccións diarias de cor clara ao cuarto día de vida.
- D) O consenso xeral é que o peso ao nacer debe ser recuperado en dúas semanas.

91. Respecto á versión abreviada da Escala Cervantes (C-SF), sinala a resposta correcta:

- A) Consta de 15 ítems.
- B) Consta de 16 ítems.
- C) Consta de 17 ítems.
- D) Consta de 18 ítems.

92. No meu centro de saúde estou a facer o seguimento dun grupo de embarazadas que practica Pilates fronte a outro grupo que leva vida sedentaria para ver quen presenta dor lumbar no terceiro trimestre. Que tipo de estudo é?

- A) Ensaio clínico aleatorizado.
- B) Estudo observacional analítico de cohortes.
- C) Estudo de Casos e Controis retrospectivo.
- D) Estudo descritivo de prevalencia.

93. Cal é o criterio cronolóxico e técnico establecido pola SEGO para definir a infección puerperal?

- A) Temperatura igual ou superior a 38°C durante polo menos 2 días excluindo as primeiras 24 horas posparto.
- B) Temperatura superior a 38.5°C a partir das 72 horas posparto con polo menos dúas medicións separadas por 6 horas.
- C) Temperatura superior a 38°C nas primeiras 24 horas posparto.
- D) Temperatura superior a 37.5°C e inferior a 38°C durante polo menos 7 días posparto.

94. Tras inserir un catéter epidural, a anestesista administra unha "dose test" con adrenalina. A xestante presenta inmediatamente unha taquicardia materna, palpitacións e nerviosismo. Que indica este signo?

- A) Unha reacción psicóxena por medo excesivo ao procedemento epidural.
- B) Reacción anafiláctica aos anestésicos locais.
- C) Que o catéter está inserido por accidente nun vaso sanguíneo.
- D) Inicio brusco e inmediato de bloqueo do sistema simpático.

95. O cadro clínico coñecido como "ameaza de rotura" que pode preceder a unha rotura uterina completa, inclúe:

- A) Diminución evidente da actividade uterina e partes fetais palpables.
- B) Intensa actividade uterina, xestante inquieta, taquicárdica e dor en abdome ou sínfise.
- C) Leve dor abdominal, escasa sintomatoloxía en nai e feto.
- D) Intensa actividade uterina, ascenso da presentación e hemorraxia vaginal.

96. No contexto da comunicación, que é unha "pregunta exploratoria"?

- A) Un cuestionario escrito sobre os síntomas físicos da persoa que acode a consulta.
- B) Unha pregunta técnica sobre o historial familiar de enfermidades.
- C) Unha pregunta pechada que se responde cun si ou un non.
- D) Unha frase como "Podería contarme máis sobre o que lle preocupa?"

97. Nunha muller con sospeita de vaxinose bacteriana, cal dos seguintes enunciados NON forma parte dos criterios diagnósticos de Amsel?

- A) Leucorrea pálida non inflamatoria, homoxénea, lixeira e adherida ás paredes vaxinais.
- B) Presenza de células clave ou guía (clue cells) no exame microscópico.
- C) pH vaxinal menor de 4,5.
- D) Olor característico a peixe, antes ou tras engadir KOH ao 10% (Whiff test ou proba das aminas).

98. O procedemento de cribado de violencia de xénero da Xunta de Galicia no ámbito sanitario inclúe, sinala a opción incorrecta:

- A) Protocolo Pregunta, Detecta e Analiza (PDA).
- B) Aplicación do cuestionario WAST a todas as mulleres de 15 anos ou máis que acudan a consultas de Atención Primaria, PAC, COF ou Urgencias hospitalarias.
- C) Repetir WAST cada tres anos ou antes se aparecen indicadores de sospeita, e rexistrar en IANUS.
- D) Ante un WAST positivo e/ou indicadores de sospeita positivos, aplicaremos o cuestionario Abuse Assessment Screen (AAS).

99. Respecto á participación no pago dos medicamentos dunha muller embarazada sen traballo, marido con renda de integración social e dous fillos a cargo, se se lles asigna un código de achega á Seguridade Social TSI 001, que opción é VERDADEIRA?

- A) Esta familia achegará 0 euros nos medicamentos financiados pola Seguridade Social. O Código de achega á Seguridade Social TSI 001 está reservado para exencións totais (persoas sen recursos, rendas de integración).
- B) Deberá pagar o 10% do prezo dos medicamentos cun tope de 8,23 euros ao mes.
- C) O código TSI 001 permitiralle retirar na farmacia gratuitamente os medicamentos receitados e relacionados directamente co embarazo pero achegará o 40% no resto de medicamentos para patoloxías comúns.
- D) A exención no pago dos medicamentos necesita a emisión de receitas médicas físicas en papel e non será válida a receita electrónica neste caso.

100. Qué infección de transmisión sexual está causada por un protozoo?

- A) Sífilis.
- B) Candidiase.
- C) Tricomoníase.
- D) Herpes xenital.

Preguntas de reserva

1. De acordo coas recomendacións do Instituto de Medicina (IOM), cal é o intervalo de aumento de peso total recomendado para unha paciente cun IMC pregestacional maior ou igual a 30 kg/m^2 ?

- A) 12,5 a 18 kg.
- B) 7 a 11,5 kg.
- C) 5 a 9 kg.
- D) 11,5 a 16 kg.

2. Se ao aplicar unha proba diagnóstica obtemos un 10% de falsos negativos, poderíamos afirmar que:

- A) A sensibilidade da proba é do 90%.
- B) A especificidade da proba é do 90%.
- C) O valor predictivo positivo é do 90%.
- D) O valor predictivo negativo é do 90%.

3. Nai de 3 semanas posparto que acode a consulta por dor intensa en cuadrante superior externo de mama dereita. Presenta un vulto duro, sen calor nin avermellamento. A súa temperatura é de 37,2° e refire sentirse cansa, pero ben. Cal é o diagnóstico inicial máis probable e a acción inmediata recomendada?

- A) Mastite infecciosa; iniciar tratamento antibiótico, asegurar un baleirado eficaz do peito e frío local entre tomas. Valorar toma de probióticos.
- B) Obstrución de condutos (ou estreitamento ductal); aplicar frío local entre tomas, descanso e asegurar un baleirado eficaz.
- C) Absceso mamario; derivar a urxencias para drenaxe cirúrxica, recomendando que a nai continúe coa lactación. Analxésicos.
- D) Ingurxitación mamaria; posta ao peito sen restrición de horarios para favorecer o baleirado do peito e frío local entre tomas.

4. Cal das seguintes medidas non é segura na alimentación con vasiño/taciña?

- A) Verter o leite na boca do bebé.
- B) Asegurarse que o bebé está completamente esperto, alerta e interesado en alimentarse.
- C) Cando o bebé peche a boca e non queira máis, deixarlle de administrar con vasiño/taciña.
- D) Soster ao bebé ben ergueito para alimentalo.

5. A dose intramuscular estándar de inmunoglobulina anti-D (300 microgramos o 1500 UI) protexe fronte a unha hemorraxia fetomaterna aproximada de:

- A) Ata 20 mL de sangue fetal total ou 15 mL de eritrocitos fetais.
- B) Ata 30 mL de sangue fetal total ou 20 mL de eritrocitos fetais.
- C) Ata 30 mL de sangue fetal total ou 10 mL de eritrocitos fetais.
- D) Ata 30 mL de sangue fetal total ou 15 mL de eritrocitos fetais.

6. Que dimensión da comunicación fai referencia á maneira en que se fala (timbre, ton, velocidade, entoación, ritmo)?

- A) Dimensión kinésica.
- B) Dimensión paralingüística.
- C) Dimensión táctésica.
- D) Dimensión proxémica.

7. Paciente que consulta por prurito intenso na rexión xenital. Á exploración obsérvanse máculas cerúleas e lesións por rascado na zona púbica. Cal é o axente etiolóxico máis probable?

- A) Sarcoptes scabiei.
- B) Pediculus humanus.
- C) Pediculus capitis.
- D) Pthirus pubis.

8. Con respecto ao Programa Galego de detección precoz de cancro de mama do SERGAS é CERTO:

- A) Ofrece ás mulleres residentes en Galicia entre 50 e 74 anos a posibilidade de realizar un mamografía de cribado gratuíta cada dous anos.
- B) Persoal técnico en imaxe radiolóxica será o encargado de revisar as mamografías (unha proyección por cada mama).
- C) O programa dispón de unidades móbiles de realización de mamografía para que as mulleres residentes en concellos afastados non teñan que desprazarse ao hospital.
- D) O Programa galego de detección precoz do cancro de mama está orientado ás mulleres da sanidade pública con Tarxeta Sanitaria do SERGAS.

9. Segundo a "Asociación Española para el Estudio de la Menopausia" (AEEM), sinala a INCORRECTA:

- A) A exaculación nos homes e o orgasmo, tanto en mulleres como en homes, vense afectados coa idade.
- B) A idade por sí soa non ten un efecto deletéreo sobre o desexo sexual.
- C) Unha das causas máis frecuentes de dispareunia na muller madura é a producida pola atrofia uroxenital secundaria á deficiencia estroxénica.
- D) Existe importante evidencia que afirma que determinados tipos de personalidade son máis propensos a conservar a actividade sexual a partir dos 50 anos.

10. Cal dos seguintes factores non se considera de risco no desprendemento prematuro de placenta normalmente inserta (DPPNI)?

- A) Nuliparidade.
- B) Rotura prematura de membranas (RPM).
- C) Hipertensión arterial.
- D) Corioamnionite.

